



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE O ÍNDICE DE COMERCIO POLO MIÚDO


Xuño 2018

Santiago de Compostela, 27 de xullo de 2018

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Índice de comercio polo miúdo (ICM). Xuño 2018

- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos constantes aumenta en Galicia un 1,0% en xuño de 2018 con respecto ao mesmo período do ano anterior, catro décimas máis que en España (0,6%).
- Por produtos, a Alimentación rexistra un incremento das vendas do 1,6% e o Resto de produtos do 1,5%.
- En doce comunidades autónomas aumentan as vendas minoristas.
- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes aumenta un 3,9% no mes de xuño de 2018 con respecto ao mesmo período do ano anterior, tres décimas máis que no conxunto de España (3,6%).
- O índice xeral de ocupación aumenta o 0,8% tanto en Galicia como no conxunto do Estado.
- A ocupación crece en doce comunidades autónomas.



1. Índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes

O índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes aumenta en Galicia no mes de xuño un 1,0%, catro décimas máis que a nivel nacional (0,6%).


O índice xeral sen estacións de servizo crece un 1,5% respecto a xuño de 2017. Desagregando por produtos:

- A Alimentación incrementa as súas vendas un 1,6% e achega 0,6 puntos a taxa de variación do índice sen estacións de servizo. En España, as vendas en Alimentación aumentan un 0,6%.
- O Resto de produtos presenta unha taxa do 1,5% e achega 0,9 puntos á taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo. A nivel nacional as vendas tamén aumentan o 1,5%.

Na primeira metade do ano, o índice xeral aumenta en Galicia un 1,5%, catro décimas máis que en España (1,1%). As vendas en Alimentación aumentan un 1,3% en Galicia e un 1,0% en España; as vendas do Resto de produtos crecen en Galicia un 2,1% e no conxunto do Estado un 1,5%.

Se se eliminan os efectos estacionais e de calendario, o índice xeral presenta unha taxa de variación interanual do 0,2%.

O seguinte gráfico amosa a evolución da taxa de variación interanual do índice xeral do comercio minorista na serie orixinal e na serie corrixida de estacionalidade e calendario.




2. Índices por comunidades autónomas

En doce comunidades autónomas aumentan as súas vendas en xuño. Os maiores crecementos danse en Aragón (2,6%) e Murcia (2,2%).

O maior descenso rexístrase en Castilla y León (-1,4%).

Índice xeral do comercio minorista a prezos constantes. Xuño 2018

Taxas de variación en %



No que vai de ano, en todas as comunidades autónomas aumentan as vendas agás Castilla y León (-0,6%). Os maiores incrementos rexístranse en Aragón (3,6%), La Rioja (2,2%) e Navarra (2,1%).

3. Índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes

O Índice de comercio polo miúdo (ICM) a prezos correntes rexistra, no mes de xuño de 2018, un crecemento do 3,9% en Galicia, tres décimas superior ao de España (3,6%).

O índice xeral sen estacións de servizo aumenta un 3,1% en Galicia e un 2,7% en España. Desagregando por produtos, a Alimentación aumenta as vendas en Galicia un 4,0%, 0,9 puntos máis que a nivel nacional (3,1%). O Resto de produtos aumenta un 2,4% tanto en Galicia como no conxunto de España.

Índices de comercio polo miúdo. Xuño 2018

Taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo e achegas dos seus compoñentes	Índice	Variacións (%)	
		Interanual	No que vai de ano
Xeral	110,7	3,9	2,7
Xeral sen estacións de servizo	110,2	3,1	2,2
Alimentación	106,8	4,0	2,6
Resto	112,2	2,4	2,0

Categoría	Interanual (%)	No que vai de ano (%)
Xeral	3,1	2,2
Xeral sen estacións de servizo	1,7	1,6
Alimentación	1,4	0,7
Resto	1,4	0,7

Na primeira metade do ano, o índice xeral crece un 2,7% en Galicia, tres décimas máis que no conxunto de España (2,4%).

4. Índice de ocupación

O índice xeral de ocupación amosa un incremento interanual do 0,8% no mes de xuño tanto en Galicia como en España.

No que vai de ano, a ocupación aumenta un 0,8% en Galicia e un 0,9% no conxunto do Estado.

5. Índices de ocupación por comunidades autónomas


A ocupación no comercio minorista aumenta en xuño en doce comunidades autónomas. Os maiores incrementos rexístranse en Illes Balears (2,7%) e Asturias (2,5%).

A ocupación diminúe en catro comunidades autónomas: Andalucía (-0,3%), Castilla - La Mancha (-0,3%), Aragón (-0,2%) e Cataluña (-0,1%).

Na primeira metade do ano, o maior incremento da ocupación rexístrase en Asturias (3,5%). En senso contrario, en dúas comunidades autónomas diminúe o persoal ocupado: Castilla - La Mancha e Andalucía (ambas as dúas -0,5%).

Índice xeral de ocupación. Xuño 2018

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Os índices de comercio polo miúdo son uns indicadores conxunturais que teñen por obxecto coñecer as características fundamentais das empresas dedicadas ao exercicio do comercio polo miúdo en España, e que permiten medir, a curto prazo, a evolución da actividade das empresas incluídas na sección G da CNAE-2009.

Os índices calcúlanse como un índice Laspeyres encadeado con ano base 2015 (encadeamento mensual no mes de decembro).

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes mostran a evolución das vendas do sector minorista unha vez eliminado o efecto que os prezos teñen sobre as ditas vendas.

Os deflatores que se utilizan nos distintos índices a nivel de comunidade autónoma son:

- Índice xeral de comercio minorista: IPC xeral sen servizos nin alugueres; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento
- Índice xeral sen estacións de servizo: IPC xeral sen servizos nin alugueres; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento; nin carburantes e lubricantes.
- Índice Alimentación: IPC alimentos, bebidas e tabaco.

- Índice Resto: IPC xeral sen alimentos, bebidas e tabaco; nin servizos nin alugueres; nin carburantes e lubricantes; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento.

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes obtéñense como cociente entre os índices de comercio polo miúdo a prezos correntes e o IPC¹.

¹ Os índices de comercio polo miúdo están en base 2015, e o IPC en base 2016, polo que se calcula un índice de prezos en base 2015.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de comercio polo miúdo. Xuño 2018

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia						
Xeral	110,7	3,9	2,7	106,6	1,0	1,5
Xeral sen estacións de servizo	110,2	3,1	2,2	106,7	1,5	1,7
Alimentación	106,8	4,0	2,6	101,5	1,6	1,3
Resto	112,2	2,4	2,0	110,5	1,5	2,1
España						
Xeral	111,6	3,6	2,4	107,7	0,6	1,1
Xeral sen estacións de servizo	110,9	2,7	2,0	107,8	1,1	1,2
Alimentación	110,4	3,1	2,7	105,3	0,6	1,0
Resto	111,3	2,4	1,5	109,9	1,5	1,5

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 2. Índices de comercio polo miúdo corrixidos de estacionalidade e calendario. Xuño 2018

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia						
Xeral	109,6	3,0	2,4	106,5	0,2	1,2
Xeral sen estacións de servizo	109,4	2,4	1,9	107,0	0,9	1,4
Alimentación	104,4	2,6	2,2	99,6	0,5	0,9
Resto	112,3	2,1	1,9	111,4	0,9	1,8
España						
Xeral	108,3	2,7	2,2	105,6	0,1	1,0
Xeral sen estacións de servizo	108,1	2,0	1,8	106,1	0,5	1,1
Alimentación	108,6	2,7	2,5	103,1	0,3	0,8
Resto	107,8	1,6	1,3	108,1	0,9	1,3

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 3. Índice xeral do comercio polo miúdo por comunidades autónomas. Xuño 2018

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	111,6	3,6	2,4	107,7	0,6	1,1
Andalucía	110,1	2,3	2,1	106,4	-0,4	0,9
Aragón	110,1	5,7	4,9	106,3	2,6	3,6
Asturias	105,7	2,4	2,4	102,3	-0,3	1,4
Balears, Illes	130,8	4,1	2,8	126,4	1,4	1,6
Canarias	106,4	3,6	3,2	103,0	1,0	1,6
Cantabria	105,1	2,7	1,8	101,3	-0,5	0,4
Castilla y León	105,7	1,7	0,6	102,1	-1,4	-0,6
Castilla-La Mancha	111,4	3,9	2,7	106,9	0,5	1,3
Cataluña	109,6	3,8	1,8	104,8	0,6	0,1
Comunitat Valenciana	114,7	4,2	2,1	111,3	1,3	1,0
Extremadura	103,1	1,9	1,8	100,0	-0,5	0,9
GALICIA	110,7	3,9	2,7	106,6	1,0	1,5
Madrid	116,8	3,7	3,3	113,2	0,6	1,9
Murcia, Región de	111,8	4,9	2,3	108,1	2,2	1,4
Navarra	114,2	5,2	3,3	110,1	2,0	2,1
País Vasco	109,7	4,9	3,0	105,9	2,0	1,8
Rioja, La	108,5	3,9	3,2	104,4	1,3	2,2
Ceuta	103,5	-0,9	-0,3	100,1	-2,2	-0,6
Melilla	108,8	0,7	1,0	104,7	-1,4	0,1

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de ocupación. Xuño 2018

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	103,8	0,8	0,8
Xeral sen estacións de servizo	103,5	0,8	0,8
España			
Xeral	104,7	0,8	0,9
Xeral sen estacións de servizo	104,6	0,7	0,8

Fonte: INE

Cadro 5. Índice xeral de ocupación por comunidades autónomas. Xuño 2018

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	104,7	0,8	0,9
Andalucía	102,2	-0,3	-0,5
Aragón	103,3	-0,2	0,2
Asturias	106,9	2,5	3,5
Balears, Illes	114,9	2,7	2,4
Canarias	107,5	1,9	2,6
Cantabria	102,3	0,0	0,6
Castilla y León	102,9	0,4	0,4
Castilla-La Mancha	101,9	-0,3	-0,5
Cataluña	104,2	-0,1	0,4
Comunitat Valenciana	108,2	2,2	2,0
Extremadura	102,5	0,7	0,8
GALICIA	103,8	0,8	0,8
Madrid	105,0	1,3	1,5
Murcia	105,5	1,9	1,4
Navarra	103,4	0,5	0,3
País Vasco	103,9	0,7	0,3
Rioja, La	105,4	1,2	1,6
Ceuta	103,4	0,1	1,7
Melilla	104,2	1,3	1,5

Fonte: INE